

A literatura galega entre 1975 e a actualidade

Exercicios autoavaliáveis (1)

- 1.- Compara as características formais e de contido dos seguintes poemas, tendo en conta as tendencias poéticas ás que pertencen.

<p style="text-align: center;">“Si vis pacem”</p> <p>As milites murallas, os pórticos castrenses, Vestíbulos e arcadas, alpendres, barracóns, Que deron acollida, serviron de refuxio, Na gloria e na ignominia do éxito e a perda, A aquel que a infantaría serviu con dignidade, Murcharon cando a guerra deixou de acalorar Os ánimos e as ánimas, os corpos e as materias E as armas silenciaron o ímpeto do lume,</p> <p>O estrondo e o balbordo de heroica combustión. Así que nada fica daqueles territorios Gardados contra a noite, erguidos para o día, Que vellos capitáns nun tempo proclamaron Máis válidos que a vida, con prezo superior A todos os que, a centos, podíamos morar Na entraña dos seus cuartos e recintos.</p> <p>[...]</p> <p>(Manuel Forcadela, <i>Lámpada e medusa</i>)</p>	<p>sentada no café mentres espero e a espera é xa unha inercia sen contornos que me leva a ningures sentada aquí - sen nada mentres morre un home falsamente nunha horrível fita americana sobre os anos cuarenta e un soldado abraza unha enfermeira cos labres incrivelmente ben pintados en plena guerra no teito do café rebulen catro moscas soa fora unha canción tan triste tras a xanela da pensión máis próxima estudan pálidas rapazas medran acensalis nas fendas das pedras conventuais e a señardade é agora tan fosca - tan espida a certeza de ser todo un erro irremediável de alguén que non existe</p> <p>(Pilar Pallarés, <i>De amor e desamor II</i>)</p>
---	---

- 2.- Cales son as características principais da poesía a partir dos anos 90?
- 3.- Marca aquelas características que consideres totalmente correctas, referidas á poesía galega do período entre 1975 e a actualidade:
- A poesía socialrealista cobra unha gran importancia, sobre todo a raíz da constitución do grupo dos *Novísimos*.
 - Os premios literarios, como o Esquíu ou o Espiral Maior, tiveron importancia para incentivar a creación poética.
 - Na década dos 90 a produción poética achégase á metade da produción literaria total.

Respostas

- 1.- Compara as características formais e de contido dos seguintes poemas, tendo en conta as tendencias poéticas ás que pertencen.

Os dous poemas reflicten con claridade as características propias das tendencias culturalista (“Se vis pacem”) e da poesía do cotián (“sentada no café...”). Ambos representan unha concepción poética moi diferente.

Mentres que o poema de Forcadela mostra un gran rigor formal, con oracións de longo percorrido sintáctico (o fragmento componse unicamente de dúas oracións, abrangendo a primeira nove versos e a segunda, seis) e vocabulario extraordinariamente culto (*míletes, ignominia, ánimas...*), o poema de Pallarés prefere unha expresión máis simple, menos artificiosa, máis próxima da linguaxe propia da fala cotiá. A diferenza no aspecto formal obsérvase tamén na métrica. O poema de Forcadela opta por unha métrica máis clásica, con emprego do verso alexandrino, de ritmo moi marcado, aínda que sen rimar, mentres que o de Pallarés constrúese con versos curtos e irregulares e renunciando á utilización da puntuación e o emprego das maiúsculas, características máis propias da expresión poética contemporánea. No poema culturalista abundan os recursos retóricos, como a paronomasia (“Os ánimos e as ánimas”), o hipérbato (“A aquel que a infantería serviu con dignidade”), o encabalgamento (“daqueles territorios / gardados”), a metáfora (“Na entraña dos seus cuartos”), a enumeración (“As míletes murallas, os pórticos castrenses, / Vestíbulos e arcadas, alpendres, barracóns,”), a metonimia (“As armas silenciaron o ímpeto do lume”) e o paralelismo (“Gardados contra a noite, erguidos para o día”). No poema pertencente a De amor e desamor apenas encontramos algunha metáfora (“a espera é xa unha inercia sen contornos”).

No referente ao contido, tamén se observan diferenzas notables. Mentres que o poema “Se vis pacem” rememora, cun ton épico, unha realidade distante no tempo, coa súa lembranza da época en que as fortalezas protexían os territorios e servían de refuxio ás persoas durante as batallas, o poema de Pallarés presenta unha realidade moi próxima á voz poética: as reflexións realizadas mentres espera nun bar e ve a televisión. Mostra, por tanto, unha expresión da cotidianeidade, cun claro interese narrativo, que pretende contar o que está a suceder na súa vida do día a día, característica propia desta poesía do cotián.

- 2.- Cales son as características principais da poesía a partir dos anos 90?

Os poetas desta época rompen coa mesura, co equilibrio e coa procura da beleza formal para potenciar a creación de textos “desaliñados” que se distinguen polo seu instinto vital, o seu desequilibrio ou a súa exuberancia, optando pola vía da linguaxe prosaica e polo fragmentarismo na organización estrutural do poema. Dentro da gran pluralidade estética que manifestan estes autores, destaca, daquela, a simplificación formal e conceptual e a linguaxe directa, así como o predominio do subxectivismo e o ton vivencial, a presenza actualizada e puntual da temática social e a marcada preferencia polo versolibrismo.

- 3.- Marca aquelas características que consideres totalmente correctas, referidas á poesía galega do período entre 1975 e a actualidade:

- A poesía socialrealista **cobra unha gran importancia**, sobre todo a raíz da constitución do grupo dos *Novísimos*.
- Os premios literarios, como o Esquíu ou o Espiral Maior, tiveron importancia para incentivar a creación poética.
- Na década dos 90 a produción poética achégase á metade da produción literaria total.
- Os autores máis importantes da corrente culturalista son Manuel Forcadela, Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán Vello, **Manuel Rivas** e Ramiro Fonte.
- Rompente foi un colectivo literario que se moveu na órbita da poesía experimental.
- O colectivo Ronseltz naceu en parte como unha **reacción á poesía dos *Novísimos***.

4.- A que tendencia propia da poesía dos anos 80 se pode adscribir esta obra e por que?

O libro *Historia do rock and roll*, do que se reproducen dous poemas, enmárcase claramente dentro da poesía experimental, que tivo un gran auge na década dos 80, sobre todo a raíz das publicacións do colectivo Rompente. Algunhas das características desta tendencia que se observan nesta obra son a ruptura co propio concepto do poema, sen versos definidos, sen sintaxe lóxica e sen coherencia léxica (moi na liña dadaísta ou surrealista das vangardas históricas) e, por outro lado, o emprego de recursos visuais, coa presentación de fotos e deseños ao lado dos poemas. Tamén reflicte o gusto polos espectáculos multidisciplinares nos que a poesía se interrelaciona co vídeo, a música e as artes plásticas. As fotos corresponden ao espectáculo *Salvamento e socorrismo*, gravado en formato de vídeo, que contaba coa música do grupo Os Resentidos (do que Antón Reixa era líder) e cos deseños do pintor Antón Patiño.

5.- Cal é a situación na que se encontra a narrativa galega na década dos 70? [Resposta breve]

No inicio deste período, mediada a década dos 70, conviven autores consolidados da etapa anterior, como Cunqueiro ou Blanco Amor, e os autores da Nova Narrativa Galega, como Méndez Ferrín e Carlos Casares, coa presenza de novos narradores que procuran novos camiños: X. Fernández Ferreiro, Paco Martín, Xoán I. Taibo ou A. Rei Ballesteros.